



FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE DE VIGO

BASES 2023

PRIMEIRA. Poderán optar á exhibición e participación en concurso as obras audiovisuais feitas en Galicia ou por galegos/as producidas nos anos 2021, 2022 e 2023 (e desde o 2019 no caso das curtametraxes infantís). Estas obras optan a ser seleccionadas para as seguintes seccións en competencia:

- Longametraxe galega (ficción, non-ficción ou animación). Duración maior de 30 minutos.
- Curtametraxe galega (ficción, non-ficción ou animación). Duración menor de 30 minutos.
- Curtametraxe infantil (ficción, non-ficción ou animación). Duración menor de 30 minutos.
- Videoclip galego.

SEGUNDA. Do mesmo xeito, poderán optar á participación en concurso as obras audiovisuais feitas en calquera dos países que forman parte da *Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP;* consultar países membros no Anexo I). É requisito para as obras lusófonas empregar como primeira lingua o portugués e estar subtituladas ao galego ou ao castelán.

As categorías son as seguintes:

- Longametraxe lusófona (ficción, documental ou animación). Duración maior de 30 minutos
- Curtametraxe lusófona (ficción, documental ou animación). Duración menor de 30 minutos

TERCEIRA.

- A. Os materiais audiovisuais feitos en Galicia ou por galegos/as deberán estar dialogados en lingua galega ou castelá, ou ben estar subtitulados nunha destas linguas.
- B. Os materiais audiovisuais feitos nos países da CPLP (Anexo I) deberán estar subtitulados en lingua galega ou castelá.

CUARTA. Os audiovisuais presentados someteranse a unha preselección antes de ser aceptados e optarán a calquera das categorías a criterio do comité de selección.

QUINTA. Para que a obra sexa aceptada, requírese que todos os seguintes elementos sexan recibidos antes da data límite:



FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE DE VIGO

1) Formulario electrónico de inscrición, dispoñible na páxina web do festival <http://primaveradocine.com> debidamente cuberto. (A organización enviará confirmación de recepción vía correo electrónico).

2) Obras presentadas a concurso. Deberán presentarse en formato electrónico mediante ligazón inserida no propio formulario de inscrición. Debe permitirse a descarga do ficheiro.

Deberase engadir:

- Un fotograma da obra.
- Breve biofilmografía do director/a ou produtor/a

No caso de que o comité de selección estime que a calidade de reprodución da imaxe e/ou do son do material presentado non acada uns estándares mínimos podería requirir o envío dunha nova copia de calidade superior ou deixar a obra fóra do proceso de selección.

Calquera material audiovisual preseleccionado para competición na que o/a postulante non sexa posuidor/a dos dereitos de autor/a ou exhibición debe achegar unha autorización por separado para que poida competir.

SEXTA. As datas para a presentación de obras candidatas son do 16 de maio ata o 30 de xuño de 2023 ás 23:59 CET.

SÉTIMA. A información contida no formulario de inscrición darase por fidedigna e será a base para confeccionar o catálogo e o programa de difusión do Festival.

OITAVA. O Festival Primavera do Cine resérvase o dereito de utilizar secuencias ou materiais promocionais das obras seleccionadas e emitilos ou reproducilos en televisión, Internet ou calquera outro medio para fins promocionais ou educativos. Os participantes conservan os dereitos de autoría das súas obras.

NOVENA. As obras recibidas quedarán no fondo videográfico do Festival. O Festival Primavera do Cine conserva o dereito de reproducir os filmes seleccionados, para a promoción do propio festival.

DÉCIMA. A inscrición é de balde.



FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE DE VIGO

DÉCIMO PRIMEIRA. Nesta décimo segunda edición o xurado deste Festival será **popular**, os asistentes serán os que decidan que obras serán as que leven os recoñecementos, e **profesional**, convidadas e convidados de recoñecido prestixio fallarán os filmes gañadores. Paralelamente, os patrocinadores poden dotar de mencións ou premios complementarios aos materiais exhibidos.

DÉCIMO SEGUNDA. As decisións do xurado serán inapelables. A participación no Festival supón a total aceptación do presente regulamento.

ANEXO I

LISTAXE DE PAÍSES MEMBROS DA COMUNIDADE DOS PAÍSES DE LÍNGUA PORTUGUESA (CPLP)

Portugal, Brasil, Angola
Mozambique, Cabo Verde
Guinea Bisau, San Tomé e Príncipe,
Timor Leste e Guinea Ecuatorial